



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica A Coruña

Teléfono 981183969 – Fax 981183679

Email coruna@cigtelefonica.com

www.cigtelefonica.com

Pleno do Comité Nº 45 - 6 de marzo de 2015

1.- Actas:

Apróbanse as actas 43 e 44 que quedaban pendentes. Tamén se aproba esta mesma acta despois dun receso na reunión co que as actas quedan todas rematadas e aprobadas.

2.- Comisións:

Na Comisión de Formación do 20 de febreiro a empresa informou dos datos de 2014: recibiron formación o 95% dos empregados, hai 27 traballadores que non recibiron ningunha hora de formación.

Houbo 5095 alumnos na Coruña, 2684 presenciais, 3346 en tele didáctica e 65 alumnos coa formación virtual. O absentismo foi do 2% e a calidade dos cursos un 8,19; non se cumpriu ningún destes dous obxectivos que eran de 1,8% e de 8,5 respectivamente.

Informouse da falla de formación sobre determinados terminais de cliente do persoal de Ibercom, non hai cursos para eses equipos e tampouco poden acceder a formación tele didáctica; tamén se reclamou formación sobre a plataforma de Siemens.

No Canal Telefónico (Comercial – Hércules) hai malestar pola xestión das charlas formativas das que se avisa con pouca antelación e teñen frecuentes cambios, aínda que non son responsabilidade directa de Formación pois estas charlas xestiónaas a Xerencia de Marketing Gran Público.

Tamén se reclama que nos cursos non hai tempo para preguntas, teñen demasiados contidos para a pouca duración dos cursos, ningunha práctica e o número de alumnos é case sempre elevado con respecto ao aforo da aula. Reitérase que os cursos ou charlas deberían durar máis de 2 horas para que non afectaran á actividade laboral dos asesores comerciais.

Sobre os “recursos preventivos” preguntouse pola formación que se está a dar pola plataforma a+ e a empresa aclara que está actualizada e é axeitada. Dende CIG consideramos que o tema do recurso preventivo debe tratarse na vindeira Comisión de Xestión porque non está clara nin a formación, que parece deficiente, nin a asignación dos mesmos.

3.- Varios:

O Comité solicitará á empresa unha Comisión de Xestión para tratar a estrutura do Canal Telefónico, CAOL e TMK e tamén se introducirá o tema do recurso preventivo.

Este é o último Pleno do Comité ate a celebración das Eleccións Sindicais onde se elixirá un novo Comité de Empresa. Se houbese algunha cuestión que precisase da reunión do Comité avisaríase por mail para convocar a xuntanza.